

## CONCURSO LIBRO DO MES : MAIO

### *"A EXPEDICIÓN DO PACÍFICO"*

- 1.- Primeira medida que toma Emilia para facerse pasar por rapaz...
- 2.- Nome da primeira muller galega que se disfrazou de home para poder estudar na universidade, e que nin siquera así puido examinarse nin conseguir o título de avogado.
- 3.- O presidente da expedición, o farmacéutico Dor Roberto de Arguijo, está caracterizado polo seu nariz de paxaro e polo costume de...
- 4.- ¿Qué “medicina” utilizaba para todo o doutor Don Aurelio Buiza?
- 5.- Despois de saír de Cabo Verde, e tras tropezar cun frasco que Andrés sacara para que Reimunde fixera debuxos do seu contido, o comandante prohíbelles os membros da comisión científica...
- 6.- ¿Qué nome recibe a columna de formigas que viron na selva e que debía medir uns 20 kilómetros de longo?
- 7.- Título do libro de Charles Darwin, publicado en 1859, que senta as bases da Teoría da evolución, oposta ó Creacionismo.
- 8.- En 1808, un exército, coa excusa de dirixirse a Portugal, entra en España. ¿Quen estaba á fronte dese exército?
- 9.- O contralmirante Puga tiña ordes de pasar ó Pacífico dobrando o Cabo de Fornos. Aínda que finalmente acaba facéndoo así, primeiro intentou cruzar por outro lugar ¿Cal é ese lugar?
- 10.- Rodrigo, un mariñeiro enfermo, menciona a un tal “Don Félix”, contramaestre dun navío que desaparecera e fora a parar a un lugar descoñecido. ¿ Como se chamaba ese barco e a onde pensaban que foi parar?
- 11.- ¿A que profesión renunciara a nai de Emilia e Andrés por coidar da súa familia?
- 12.- Para protexerse das febres palúdicas os expedicionarios tomaban diariamente unha dose de....
- 13.- Emilia faise pasar por un especialista en insectos. ¿Que nome recibe esta profesión?
- 14.- Cando baixaron polo cráter do volcán, Ros deixou, como sinal para saber regresar, algo vermello que despois atopou tirado no chan a causa do vendaval. ¿De que se trataba?
- 15.- Segundo Emilia, ¿onde puido estar situado o Paraíso se existise?
- 16.- ¿Quen visitou ós expedicionarios na selva de Guatemala, onde moitas noites durmían arrolados polo canto das moitas voces do bosque tropical?
- 17.- En Panamá, o contraalmirante Puga ordénalles desembarcar todos os seus efectos e regresar a España nun barco de liña regular, pero ¿que deciden facer?

18.- ¿Que é o Napo?

19.- Nome dos cazadores que reducían as cabezas dos seus familiares mortos

20.- Diego sabía, por algo que gardaba dende o paso polo Estreito de Magalhaês, que Marcos era unha muller. ¿Cales eran as pistas que tiña?